

OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

CURSO DE FORMACIÓN EN COACHING LABORAL

Descrición:

O **Coaching laboral** consiste nun proceso de acompañamento e apoio na incorporación ao mercado de traballo. Tanto si se trata da primeira incorporación, como dunha transición de carreira ou dun traballo de emprendemento empresarial, este curso pode ser unha grande oportunidade para todas aquelas persoas que perderon o seu posto de traballo, a motivación no profesional ou que queren acceder por primeira vez a un entorno laboral. Trátase de dar apoio, soporte e guía no proceso de xeito individualizado e grupal en varias sesións onde se analizará a situación e inxedanzas laborais dos alumnos e no que se realizará unha orientación grupal nas técnicas de búsqueda de emprego.

O principal é crear una estratexia de emprego, que se convertirá nun salvavidas ao que poder acudir cando a situación sexa difícil, nos atopemos desanimados ou coa sensación de estar perdido e poder continuar cunha dirección clara ata atopar definitivamente o noso posto de traballo.

Obxectivos:

- Dotar** de coñecementos necesarios para lograr unha boa incorporación á vida laboral
- Fomentar** o coñecemento dun mesmo co fin de determinar os puntos fortes e febles da personalidade de cada un e tratar de melloralos
- Capacitar** ao alumnado para enfrentarse a unha entrevista de traballo
- Determinar** o tipo de traballo acorde coa motivación e interés de cada un

CONTIDOS:

- Promoción dun mesmo ou dun produto
- Tipo de traballo a escoller e pasos para acadalo
- Entrevistas de traballo
- Motivación Laboral
- Autocoñecemento (puntos fortes e febles e como melloralos)

Datas de realización: 16, 18 e 23 de Abril

Horario: 17 a 21 h.

Duración: 12 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

Destinatarios: mozos e mozas, a partir de 18 anos

Prezo: De balde

CURSO DE XESTIÓN EFICAZ DE REDES SOCIAIS

Descrición:

A través desta actividade preténdese o correcto e eficaz uso ou xestión marca, para lograr o éxito dunha iniciativa, sexa individual ou colectiva, profesional ou persoal, conseguindo dinamizar plataformas de comunicación de grupos humanos e individuos coa sociedade, cos fans ou cos clientes potenciais. Lograr unha comunicación horizontal e bidireccional co cidadán, amigo ou amiga, vecindario ou grupo de persoas afíns en preferencias culturais, ideas ou metas, é a mellor ferramenta para tomarlle o pulso á rúa, coñecer o sentir das persoas, as súas preferencias, inxedanzas e necesidades permitíndonos adaptarnos as súas demandas e respostar aos seus intereses.

Obxectivos:

- Fomentar** o coñecemento das redes sociais máis usadas
- Lograr** un uso eficaz das redes
- Xestionar** a información e a comunicación para a audiencia interesada
- Lograr** un maior impacto social das iniciativas propias

CONTIDOS:

-Iniciándonos na redes

- Iniciación ás diferentes redes sociais
- Cuestións de privacidade e seguridade
- A Información, os textos, as imaxes, os vídeos e os enlaces

-Tuneando as nosas redes

- Integración de redes
- Uso de aplicacións específicas segundo actividades. Exemplos concretos de integración en redes

-Mellorando a nosa forma de comunicar

- O impacto visual: modas e tendencias
- A xestión da información: aspectos gráficos e teóricos
- As páxinas de Facebook e o seu alcance: fortalezas e debilidades
- A importancia do Twitter e a información instantánea
- Outras redes de gran valor: youtube, vimeo, myspace, instagram, linkedin e flickr

-As redes na práctica

- Detectando as redes que máis nos conveñen

Datas de realización: 3, 4, 10 e 11 de Abril 2013

Horario: Luns e Xoves de 17 a 20 h.

Duración: 12 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

Destinatarios: mozos e mozas, a partir de 16 anos

Prezo: De balde



Para participar nestas actividades formativas é necesario inscribirse previamente no propio centro:

Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

Frei Rosendo Salvado, 14-16

Tel.: 981 543 001 Fax: 981 543 002

dptoxuventude@santiagodecompostela.org



O Departamento de Xuventude do Concello de Santiago pon a disposición dos mozos e mozas da cidade unha serie de actividades formativas para atender aos seus intereses e motivacións, impartindo unha serie de cursos con diferentes temáticas, en colaboración con profesionais e colectivos locais especializados nos distintos sectores ofertados.

CURSO DE MONITOR DE TEMPO LIBRE

ORGANIZACIÓN

- Departamento de Xuventude do Concello de Santiago
- Escola de Tempo Libro Don Bosco

DESCRIPCIÓN

Curso Oficial que capacita aos participantes para ser monitores de tempo libre, requisito indispensable á hora de levar a cabo actividades de ocio e tempo libre, de realizar campamentos ou accións socioculturais e formativas.

Esta actividade estrutúrase en dúas fases:

FASE TEÓRICO-PRÁCTICA

-Duración:

200 horas, organizadas en 20 xornadas de 10 horas cada unha, correspondentes polo xeral a unha materia do plano de estudos estruturado nos seguintes bloques temáticos:

- 1.- Bases Psicosociolóxicas da educación no tempo libre
- 2.- Bases pedagóxicas da educación no tempo libre
- 3.- Área de animación: técnicas e recursos do monitor de tempo libre
- 4.- Lexislación vixente para actividades de tempo libre

-Datos e lugar:

Do **27 de xuño ao 1 de agosto** de acordo coa seguinte distribución:

-27, 28, 29 e 30 de xuño, no Centro Xuvenil Don Bosco

-15,16, 17, 18, 19 de xullo, no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

-20, 23, 24, 26, 2, 29, 30, 31 de xullo e 1 de Agosto, no Centro Xuvenil Don Bosco

-25 horas online titorizadas

-Horario:

De 09:00h a 14:00h e de 16:00h a 21:00h. Exceptuando a asignatura de Técnicas de Acampada que inclúe unha noite.

-Avaliación:

Esta fase realizarase obedecendo aos seguintes parámetros:

- A asistencia (inasistencia a máis de 40 h. considérase non apto)
- As observacións do profesorado e do coordinador do curso.
- A elaboración e entrega dos traballos esixidos.

FASE DE PRÁCTICAS

-Modalidades de realización:

- a) 14 días de actividade intensa nunha actividade ao aire libre (campamentos, colonias,...) en bloques non inferiores a 3 días.
- b) 150 horas en actividades cunha entidade que traballe no eido da educación no tempo libre.

-Prazo de realización: dous anos, unha vez rematado a fase teórica.

DURACIÓN TOTAL:

350 horas (200 horas teóricas e 150 horas prácticas)



DESTINATARIOS

Mozos e mozas, a partir de 18 anos, preferentemente empadronados no Concello de Santiago

PREZO

170 € empadronados en Santiago

270 € non empadronados

PARTICIPACIÓN

Para poder participar nesta actividade formativa é necesaria a realización dunha preinscripción. Unha vez confirmada a praza por parte do departamento de Xuventude, procederase a realizar a inscrición.

1.- PREINSCRICIÓN

Débase entregar o impreso correspondente, debidamente cumplimentado no rexistro do Concello de Santiago.

Lugar: Os impresos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende) ou no Rexistro Auxiliar do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche, (Rúa Frei Rosendo Salvado, nº 14-16).

Datas: Do 25 de febreiro ao 3 de maio

Horario: en días laborables de 9 a 14 horas.

As prazas serán cubertas por rigoroso orde de preinscripción. Terán prioridade os mozos e mozas empadronados no Concello de Santiago.

2.- INSCRICIÓN

Unha vez confirmada a praza polo Departamento de Xuventude, deberá formalizarse a inscrición, procedemento sobre o que se informará no seu momento.

DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE
CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL MUNICIPAL O ENSANCHE

R/ Frai Rosendo Salvado 14-16 Baixo
15702 Santiago de Compostela
Tel: 981 543 001 // Fax: 981 543 002
dptoxuventude@santiagodecompostela.org

ESCOLA DE TEMPO LIBRE DON BOSCO

R/ Belvís, 2
15703 Santiago de Compostela
Tel: 981 582 243 // Fax: 981 570 263
cxdonbosco@cxdonbosco.org

OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

CURSO DE FOTOGRAFÍA DE ACCIÓN

Descrición:

Nesta actividade búscase que o alumno, afeccionado ou non a algún deporte ou actividade física, poida coñecer as pautas básicas e as técnicas específicas que lle permitirán conseguir boas imaxes das actividades deportivas. O movemento será un dos elementos básicos que se tratará, pois é unha das características destas actividades e principal ferramenta á hora de transmitir sensacións.

A través das imaxes traballaranse as técnicas e trucos máis empregados na fotografía deportiva e de aventura. O aprendido de forma teórica poñerase en práctica a través dunha saída, na que experimentárase coas técnicas previamente explicadas.

Datas de realización: 5, 6 e 12 de abril.

Horario: Venres de 17-20h. e sábados de 10,30 a 13,30 h.

Duración: 12 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche e varios espazos da cidade

Destinatarios: mozos e mozas, a partir de 16 anos

Prezo: De balde



CURSO DE ARTE E MODA

Descrición:

Partindo da frase de Albert Einstein “Se buscas resultados distintos non fagas sempre o mesmo” empregaranse materiais inusuais e a partir deles crearanse prendas surrealistas, aquelas coas que poderíamos soñar ou simplemente saír dun submundo cara a realidade.

Trátase dun curso innovador, onde tanto creador como artista poderán experimentar coa moda sen deixar de lado á excentricidade e a orixinalidade dos materiais. Recolleranse aqueles materiais que proveñan da natureza ou outros reciclados, pero sempre materiais que a primeira vista nos parecerían inusuais, a partir dos cales crearíanse deseños dándolles beleza e valor.

Datas de realización: 19 e 26 de abril e 3 e 10 de maio

Horario: Venres de 18 a 20 h.

Duración: 8 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

Destinatarios: mozos e mozas, a partir de 16 anos

Prezo: De balde

